



BIBLIOTECA

Bibliotecas
escolares
de Galicia



1º ESO B
APRENDE
A
USAR
A BIBLIOTECA

A Clasificación Decimal Universal (CDU) establece nove grandes bloques temáticos, a cada un dos cales asigna un número do 0 ó 9, deixando baleiro o 4



0

Xeralidades

Dicionarios, Enciclopedías,
Publicacións...

1



Filosofía

Historia, Autores, Psicoloxía, Ética,
Lóxica...

2



Relixión e Mitoloxía

3



Ciencias Sociais

Economía, Política, Dereito,
Antropoloxía...

5



Ciencias Exactas e Naturais

Matemáticas, Astronomía, Física,
Química, Bioloxía...


6



Ciencias Aplicadas

Medicina, Electricidade,
Navegación, Informática...

7



Arte, ocio e deportes

Pintura, Debuxo, Arquitectura,
Escultura, Teatro, Deportes...

8



Lingua e Literatura

9



Xeografía e Historia

COMO ESTÁN ORDEADOS OS LIBROS

Os fondos da Biblioteca están dispostos segundo un sistema estándar en todas as bibliotecas do mundo: a Clasificación Decimal Universal (CDU). Cada un dos díxitos do 0 ó 9 ten asignado un bloque temático, e a el vánselle engadindo números que identifican os diferentes subtemas:

1. **Filosofía:** Psicoloxía (159.9), Ética (17)
2. **Relixión e Mitoloxía**
3. **Ciencias Sociais:** Política (32), Economía (33), Dereito (34), Educación (37)
5. **Ciencias:** Matemáticas (51), Física (53), Química (54), Xeoloxía, (55), Bioloxía (57)...
6. **Ciencias Aplicadas**
7. **Arte e Deportes:** Debuxo (74), Pintura (75), Fotografía (77), Música (78), Deportes (79)
8. **Lingua e Literatura:** Lingua e Lit. Españolas (806.0, 860), Lingua e Lit. Galegas (806.99, 869.9)
9. **Xeografía e Historia:** Xeografía (91), Historia de España (946.0), Historia de Galicia (946.1)...

Os libros da nosa Biblioteca están ordeados segundo esta secuencia.
Dentro de cada sección seguimos a orde alfabética por autor e título das obras

PRESTA ATENCIÓN ÁS ETIQUETAS DOS ANDEIS EMPREGA O PLANO DO INTERIOR

COMO BUSCAR UN LIBRO NA BIBLIOTECA

Cómpre saber o AUTOR e o TÍTULO do libro que queremos, ademais da MATERIA que trata para orientarse polos andeis. Logo, hai que fixarse na ETIQUETA que todos os libros teñen na parte inferior do seu lombo, e que se compón de tres liñas. Por exemplo, á esquerda figura *A orixe das especies*, de Charles Darwin, e a súa etiqueta interprétase así:



- Materia: Ciencias (empeza por 5)
- Maiúsculas: tres primeiras letras do apelido do autor (DARwin)
- Minúsculas: tres primeiras letras do título, descontando artigos (orixe das especies, A)

CONDICIÓN DO EMPRÉSTIMO

= Pódese levar empréstado un máximo de 3 libros durante 15 días.

= Non se poden levar empréstados os libros da primeira sección da Biblioteca (enciclopedias, dictionarios e obras de gran formato).

BÚSCANOS EN INTERNET

- = Na web do IES: centros.edu.xunta.es/iesfontexeria/biblioteca.php
- = No noso blog: www.andel-aberto.blogspot.com



BIBLIOTECA



A nosa Biblioteca posúe máis de 10.000 títulos, e tamén recursos audiovisuais e informáticos
¡APROVEITÁDEA!

nulla dies sine linea







Actividade desenvolvida durante unha sesión de titoría de 1º ESO B e levada a cabo polos profesores Manuela Carballude (titora do curso) e Alfonso Blanco (Coordinador do Equipo de Biblioteca) -- IES FONTEXERÍA, 2 de decembro de 2016.

